

NOVIDADE
EDITORIAL


CONSORCIO DE
SANTIAGO

alvarellos
EDITORA

A historia do Banquete de Conxo e do bosque que fascinou a Rosalía de Castro

Por vez primeira, una publicación aborda, de maneira monográfica, a historia do célebre Banquete de Conxo de 1856. Catro autores escriben sobre este histórico acontecemento e o espazo que o acolleu, nun novo volume de Alvarellos Editora en coedición co Consorcio de Santiago. Sae estes días á venda.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23 DE NOVEMBRO DE 2016.- O bosque e o río que fascinaron a Rosalía de Castro. O histórico mosteiro que visitou García Lorca en 1916. O soto que versou, na bruma do século XIII, o trobador Joam Airas. A devoción dos peregrinos pola Virxe da Cuncha...

Todos estes feitos figuran concentrados nun espazo concreto ao sur de Compostela: a esquecida carballeira do Banquete de Conxo. Nela, un domingo 2 de marzo de 1856, vivírase un feito insólito: a celebración dun banquete democrático onde brindaron xuntos, pola liberdade e a fraternidade, estudantes e obreiros. De aquí xurdirá a xeración que logo vai promover o Rexurdimento da cultura galega.

O libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*, publicado polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora sae estes días á venda. Percorre aquel espazo mítico no actual barrio de Conxo: trátase dun paseo —ilustrado con 60 imaxes entre fotografías actuais e históricas, debuxos, e un gran plano xeral de situación— polas voces e os nomes que o alimentaron, e polo bosque que aínda vive nel. Porque neste terreo, nas marxes do río Sar, resiste unha fraga



FICHA TÉCNICA: 156 pp | 13 x 23 cms.
ISBN 978-84-16460-12-0 | PVP: 18 €

onde se erguen, posiblemente, os últimos carballos centenarios do Banquete de Conxo, testemuñas vivas de acontecementos únicos na historia de Galicia.

CATRO AUTORES

Catro autores abordan, dun xeito transversal, a historia e o espazo do Banquete de Conxo. O xornalista e editor **Henrique Alvarellos** realiza, á parte da coordinación desta edición, unha singular crónica a través de aspectos moi pouco coñecidos ou pouco divulgados de Conxo, do seu esquecido bosque, e do seu Banquete, como foi a presenza no Mosteiro en 1916 de Federico García Lorca, a homenaxe ao Banquete que tributou a colectividade galega exiliada e emigrada a América en 1956, ou a firme denuncia que faría Rosalía de Castro en 1882 despois da tala masiva de carballos.

O filólogo e especialista no Rexurdimento, **Xurxo Martínez González**, revela as claves, o contexto político e cultural, do Banquete. O historiador **Francisco Singul** descúbrenos as orixes do Mosteiro de Conxo, en cuxa finca desamortizada se celebrou o acto, deténdose na súa vinculación co Camiño Portugués a Santiago e co culto centenario á Virxe da Cuncha. E, finalmente, o biólogo **Martín Souto** lévanos a percorrer o bosque que aínda resiste pé do río Sar, analizando e medindo as árbores centenarias.

Henrique Alvarellos (Lugo, 1968). Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago e Posgrao en Comunicación pola Universidade da Coruña. Autor de varios libros, xornalista e editor. Dirixe Alvarellos Editora dende 2004.

Xurxo Martínez González (Coia-Vigo, 1984). Doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo. Escritor e investigador. É especialista no Rexurdimento do século XIX, sobre o que leva escrito numerosos traballos e impartido seminarios e conferencias.

Francisco Singul (Vilagarcía de Arousa, 1963). Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago, especialista en arte barroca e no Camiño de Santiago. É autor de varios libros e traballa como comisario de exposicións.

Martín Souto (Ponteceso, 1980). Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago. É un dos autores da *Guía verde de Santiago* (2010). Un botánico con amplos coñecementos da flora e bosques de Compostela.

- Contacto cos autores: Quique Alvarellos 609908852, Xurxo Martínez 659117438, Paco Singul 628867007, Martín Souto 628067460.
 - Contacto coas Editoras: Alvarellos Editora: prensa@alvarellos.info | 981 522 137.
- Consorcio de Santiago: prensa@consorciodesantiago.org, 981 55 44 01
- + info e mostra interior do libro, en: www.alvarellos.info